

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 8 DE SETEMBRO DE 2021.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día oito de setembro de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e a Interventora Xeral Municipal en funcións, dona María Baza Poudereaux, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**1.-** Aprobáronse as actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local correspondentes aos días 9 de xuño, 7, 14, 21 e 28 de xullo e 4, 11, 18 e 25 de agosto de 2021.

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**2.- LICENCIAS URBANÍSTICAS.-** Acordouse outorgar licenza urbanística para reforma de forxado de planta baixa, substitución do sistema de calefacción e auga quente sanitaria por unha instalación de aerotermia e variacións de distribución interior en plantas do edificio, autorizado con licenza 30/2019 na rúa Paseo dos Estudantes, s/n, (2021/y001/000180).

### **ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

**3.- CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Aprobáronse as seguintes contratacións:

- Subministración de combustible para vehículos e maquinaria municipal. Exp. Ref. 11-2018. Prórroga do contrato dende o 20/8/2021 ata o 19/8/2022. (Tecol 2021/c004/000026).

- Contratación da obra “Mellora do firme da estrada municipal da LU-P-2903 ao Rego de Mera. Parroquia de Vilachá de Mera” obra incluída no plan provincial único de cooperación”. Exp. Ref.: 2021-c002-000040. Adxudicación.

- Contratación da obra “Mellora do firme da estrada municipal da LU-P-2903 a Prógalo. Parroquia de Prógalo” obra incluída no plan provincial único de cooperación”. Exp. Ref.: 2021-c002-000041. Adxudicación.

## ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: ispac4142176089256652147.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-9-2021

- Contratación da obra “Mellora do firme da estrada municipal da LU-P-2901 a LU-P-2901 en Poutomillos. Parroquia de Poutomillos” (obra incluída no plan provincial único de cooperación cos concellos 2021). Exp. Ref.: 2021-c002-000042. Adxudicación.

- Contratación do servizo de mantemento, conservación e reparación das instalacións deportivas municipais do Concello de Lugo. Exp. Ref. 2020/c003/000020). Prórroga do contrato dende o 26/9/2021 ata o 25/9/2022.

- Contratación dun servizo de intermediación financeira e de xestión dun fondo de capital risco participado polo Concello de Lugo. Exp. Ref. 2020/c003/000080. Adxudicación.

***Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.***